

Acta da Comisión Permanente celebrada o 23 de abril de 2012

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar
Barreiro Carril, M^a Cruz
Bergareche Gros, Almudena
Dávila Millán, Encarna
Domínguez Rubira, Carmen
Estévez Abeleira, Teresa
Estévez Fernández, Carina
Guerrero Saco, Alejandro
Lizarralde Fernández, Alexander
López Prieto, Nieves
Martínez Hens, Helena
Martínez Yáñez, Nora
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Ruiz Hidalgo, Carmen
Valcárcel Fernández, Patricia

Iniciase a reunión sendo as 13 h. coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (14 de febreiro de 2012)

2.- Informes da Decana

3.- Aprobación, se procede, de recoñecemento de 1 Crédito ECTS pola realización do “Primer ciclo de Cine y Derecho Mercantil”, curso de formación presentado por profesores da área de Dereito Mercantil.

4.- Aprobación, se procede, das datas de examen para a proba de aptitude.

5.- Recoñecemento, se procede, de 24 créditos ECTS por calquera ciclo formativo de grado superior para ao alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos co fin de equiparalos ao alumnado do Grado en Dereito

6.- Rolda aberta de intervencións

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (14 de febreiro de 2012)

Apróbase a acta por asentimento

2.- Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes aspectos:

1.- Estanse elaborando diversos presupostos de obras, como o da limpeza da pedra exterior, tamén o proxecto de acondicionamento do xardín de entrada

2.- Xubilase o Prof. D. Fernando Lorenzo Merino, e hai a intención de levar á XF a proposta de facerlle un recoñecemento institucional por parte da Facultade.

3.- Aprobación, se procede, de recoñecemento de 1 Crédito ECTS pola realización do “Primer ciclo de Cine y Derecho Mercantil”, curso de formación presentado por profesores da área de Dereito Mercantil

A profesora Encarna Dávila Millán, explica a solicitude presentada. Apróbase por asentimento o recoñecemento do crédito solicitado.

4.- Aprobación, se procede, das datas de examen para a proba de aptitude

A Decana recorda que non cambia a composición dos Tribunais respecto das aprobadas o ano pasado.

As datas propostas son:

- 1.- Convocatoria xuño: 13 y 14 de xuño.
- 2.- Convocatoria xullo: 11 y 12 de xullo.

Apróbase a proposta por asentimento.

5.- Recoñecemento, se procede, de 24 créditos ECTS por calquera ciclo formativo de grado superior para ao alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos co fin de equiparalos ao alumnado do Grado en Dereito

Apróbase a proposta de recoñecemento por asentimento.

6.- Rolda aberta de intervencións

Solicita a palabra a profesora Almudena Bergareche para preguntar se somos conscientes do Decreto-lei recentemente publicado. Considera que se fixo descoñecendo o momento no que está a Universidade Española, e que é sumamente nefasto para o futuro da Universidade.

Roga que se leve este tema a Xunta de Facultade para que, no seu caso, se adopte unha posición de Centro que elevar ao Rectorado.

A Decana agradece a intervención da Profesora Bergareche e se compromete a estudar o tema e levalo á próxima Xunta de Facultade.

Hai asentimento dos presentes respecto da preocupación sobre este asunto e sobre a oportunidade da incorporación dun punto sobre este tema na vindeira Xunta de Facultade.

En consonancia co que se está a falar a Profesora Almudena Bergareche retoma a palabra para indicar que na súa Área, Dereito Constitucional, con so tres persoas de plantilla fixa o ano que ven téñense que activar ou poner en marcha 6 materias.

Non habendo máis rogos e preguntas, levántase a sesión sendo as 13.50 h., do que dou fe como Secretaria.